

Fotograma da serie de TV *Comisario Montalbano*. Nas imaxes pequenas: os investigadores Pepe Carvalho, Plinio e Leo Caldas.

De poucos escritores pódese dicir que a súa morte é chorada por todo un país; e tamén a poucos pódese aplicar o cualificativo de prolífico, obviamente con éxito editorial. E que ambas dúas circunstancias converxan na mesma persoa, resulta insólito: Andrea Camilleri (morto o pasado xullo en Roma) foi capaz de unilas.

Nacido en Porto Empedocle (1925), a súa condición de siciliano influíu, sen dúbida, na súa maneira de ver o mundo e, aínda máis, a vida. Como fixeron antes outros grandes escritores coterráneos seus como L. Pirandello ou G. T. di Lampedusa. A sociedade siciliana é herdeira —e tal vez de aí o seu secular escepticismo— dos diversos grupos humanos que pasaron pola illa e a posuíron: fenicios, gregos, romanos, vándalos e ostrogodos, bizantinos, árabes, normandos, cataláns, españoles, austríacos. Aquel escepticismo aumentou coa unificación, liderada por Garibaldi, que supuxo a hexemonía setentrional dos Saboia.

Pasado da Gioventù Italiana del Littorio ao Partido Comunista Italiano, marchou a Roma e alí traballou moitos anos na RAI como guionista e director teatral. Chegada a hora da xubilación decidiu, simplemente, cambiar de trincheira: comezou a escribir narrativa de maneira continuada e desde o mundo inventado de Vigàta (localidade colocada no sudoeste de Sicilia) e así comezaron as aventuras do comisario Salvo Montalbano (Salvù, en siciliano, para os amigos), collendo o apelido a maneira de homenaxe a Manolo Vázquez Montalbán e o hedonismo da cociña popular local: as "sarde a beccafico" (sar-



tigadores literarios (detectives privados ou policía) á hora de pasar á pantalla foi diversa. Humphrey Bogart deu rostro a Sam Spade en *O falcón maltés*, de John Huston (baseada na novela de Dashiell Hammett) e ao Philipe Marlowe de Raymond Chandler en *O soño eterno* (H. Hawks, con Lauren Bacall), personaxe que foi interpretado tamén por Dick Powell, Robert Montgomery, Elliott Gould e James Gardner, entre outros. E seguindo o elo da Bacall, cómpre lembrar Paul Newman como o detec-

tive Lew Harper na película homónima, personaxe collido do Lew Archer de Ross MacDonald.

Pero non hai dúbida que é a televisión a que outorga popularidade aos detectives literarios (non entramos nos detectives estritamente televisivos). Deixaremos de lado as diversas series baseadas en novelas de Arthur Conan Doyle e Agatha Christie, cuxos personaxes (Sherlock Holmes, Miss Marple, Hercule Poirot) por quedar fora do xénero negro e criminal.

Se volvemos a Italia, cóm-



As series de temática criminal e policial non foron alleas ás televisións españolas, se ben poderíamos consideralas de segunda división ata a aparición das plataformas de pago. Pero as de detectives e policía de base literaria seguen a estar ausentes, malia a considerable produción narrativa deste xénero.

A primeira serie española para televisión protagonizada por un investigador literario foi *Plinio* (1972), aquel insólito policía local manchego creado por Francisco García Pavón, representado por Antonio Casal e con dirección de Antonio Giménez Rico.

Entre investigadores máis homologables, o galego-catalán Pepe Carvalho, de Manuel Vázquez

Montalbán, foi levado á pantalla cinematográfica —con desigual fortuna e sen continuidade de intérpretes— e televisiva con Constantino Romero (*Olímpicamente mort*, TV3, 1985).

Máis continuidade tivo Petra Delicado (a policía creada por Alicia Giménez Bartlett) na serie televisiva (Via Digital e Tele5, 1999) interpretada por Ana Belén, con Santiago Segura como o seu subalterno Fermín Garzón.

Entre a produción literaria galega, cómpre salientar o impacto de Leo Caldas, creado por Domingo Villar, unha de cuxas novelas foi levada ao cine como *La playa de los ahogados* (2015), con Carmelo Gómez no papel do comisario vigués.

pre salientar a serie do comisario Guido Brunetti, creado en lingua inglesa por Donna León. Brunetti está nas antípodas do investigador tópico que padece desaxustes persoais (emocionais, de adicións): sensible e culto, de orixes humildes, está felizmente casado con Paola, profesora universitaria, filla dun conde e magnífica cocinera. Móvese por unha Venecia decadente e presa do turismo salvaxe.

Se pasamos ao francés, non podemos esquecer a triloxía escrita polo escritor e xornalista comunista J.C. Izzo: *Solea*, *Choummu* e *Tótal Khéops*, agrupados co título *Fabio Montale* polo comisario homónimo. Interpretado por Alain Delon, esta circunstancia resultou polémica por ter este actor unhas ideas opostas ás do autor. Izzo describe a súa Marsella natal e os graves problemas dos barrios periféricos (banlieus) e a hampa que os domina.

Pero o detective literario que máis veces foi levado á pantalla é o comisario Jules Maigret, do belga Georges Simenon. Aparte de películas (o protagonista máis coñecido foi Jean Gabin), fóronlle dedicadas tres series por televisións británicas con Rupert Davis (1960), Michael Gambon (1992) e un espléndido Rowan Atkinson (2018).

Bágoas en Vigàta

Polas pistas de Montalbano

JOAQUIM VENTURA

diñas recheas), por exemplo.

Un personaxe que deu para dúas series televisivas: a do comisario Montalbano propiamente dita (protagonizada por Luca Zingaretti, trinta e catro capítulos de 110 minutos) e a do detective Montalbano mozo.

A sorte dos diversos inves-